

A FÁBRICA PAYO GOMEZ


Rúa Payo Gómez, 12, Baixo

15004, A Coruña, A Coruña

Teléfono: 881 967 543

Web: afabricatabernaurbana.zohosites.com

Correo: correo@fabricapayogomez.es



INFORMACIÓN XERAL

O persoal é coñecedor de idiomas, dos cales algún fala un pouco de lingua de signos. A modernización do local é tal, que dispoñen de carta con pratos e imaxes en soporte electrónico, *Tablet*.

Atención ao público e outra información de interese

- Con previo aviso, realízanse pratos para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- Non dispoñen de carta en braille pero si noutros idiomas.
- O persoal coñece un pouco a Lingua de Signos Española (LSE) e sabe como dirixirse a unha persoa xorda que se comunica en lingua oral.
- Permítese o acceso ao can de asistencia.
- Dispón de sinais de emerxencia visuais e sonoras aínda que non existe un plan de emerxencia que contemple a evacuación de persoas con discapacidade

Acceso e zona de atención ao público

- O local atópese nunha rúa peonil no plano superior e vehicular baixo terra. Nas rúas máis próximas atópanse prazas de estacionamento adaptadas. Zona azul, residencial e parking de pago inmediatos.
- As paradas de autobús e taxi máis próximas atópanse nun radio inferior a 50 metros e 100 metros, respectivamente.
- Rúa chaira con beirarrúa ancha, de máis de 150 cm de ancho e altura do bordo de 12 cm. O pavimento, en bo estado está formado por baldosas hidráulicas homoxéneas e antiescorregadizas.
- Para acceder, hai que pasar por unha porta dobre, sempre aberta, de ancho de paso libre de 137 cm. Tras esta unha pequena terraza cuberta e, a continuación, a porta de acceso ao establecemento. Antes e despois, existe espazo libre no que poder realizar un xiro de diámetro 150 cm.
- A porta de entrada está formada por dúas follas de apertura cara a fóra, aínda que sempre adoita estar aberta. Ábrese mediante un manubrio situado a 104 cm de altura. O ancho de paso libre é de 137 cm. Antes e despois, existe espazo libre no que poder realizar un xiro de diámetro 150 cm.
- O itinerario ata o espazo de restauración é inmediato e sen desniveis.
- A mobilidade no interior do establecemento é suficiente.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- A barra atópase inmediatamente á esquerda do acceso, sen desniveis. O pavimento é homoxéneo, antirrescorregadizo e está en bo estado.

Características

- Non se producen desniveis no propio espazo.
- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120 cm.
- Pavimento homoxéneo e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos.
- Barra a unha única altura, 109 cm e taburetes a 77 cm, sen respaldo.
- Mesas cadradas de pata central de espazo inferior libre de aproximación 75x70x37 cm e altura superior de 75 cm.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Posterior ao bar e anterior a servizos.
- Sen desniveis

Características

- Non se producen desniveis no propio espazo.
- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120 cm.
- Pavimento homoxéneo e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos.
- Mesas cadradas de pata central de espazo inferior libre de aproximación 75x70x37 cm e altura superior de 75 cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Os aseos atópanse ao final do comedor. Acceso directo, sen complicacións de xiro.
- O establecemento conta con 2 aseos. O aseo de mulleres está adaptado.

Entrada ao aseo

- A sinalización do aseo atópase na porta de entrada a leste. Trátase de dous pictogramas en placa e sobre parede: un usuario en cadeira de rodas (SIA) e o pictograma dunha muller, ambos en altorrelieve. A dimensión do símbolo é de 8x8cm e sitúase a unha altura de 186 cm.
- A porta é corredeira.
- Non ten mecanismo de apertura. Esta ábrese mediante empuxe.
- Sistema de peche de difícil manexo e sen indicador de libre/ocupado.
- A anchura de paso é de 80 cm.
- Diámetro de xiro anterior á porta de 150 cm e posterior de 150 cm.
- Control de iluminación por sensor.
- Dispositivo de alarma en caso de caída ou atrapamento no interior.

Lavabo

- Localización dentro do aseo, en posición frontal á porta.
- A billa acciónase mediante monomando.
- O espazo inferior de aproximación do lavabo é de 73x104x60 cm e a altura superior é de 90 cm.
- O espello é fixo e non presenta inclinación sobre o seu eixo horizontal.
- O bordo inferior está a 100 cm de altura respecto o chan.
- Dispón de xaboeira e de dispensador de toallas de papel a unha altura de 115 cm.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude superior a 120 cm.
- Conta cun único espazo de transferencia, lado dereito, cun ancho de 96 cm.

- En caso de ter baixo grao de mobilidade reducida, a transferencia tamén se pode realizar polo lado esquerdo, que conta cun espazo de 75 cm (alicerce en esquina que impide a aproximación frontal completa).
- Presenta unha única barra, á beira dereito e abatible. Disponse a 70 cm do chan.
- A altura de uso do asento está a 40 cm respecto ao plano do chan e a do inodoro máis táboa está a 78 cm.
- O mecanismo de descarga é un pulsador situado en posición central sobre a táboa do inodoro e require un esforzo medio (3 cm de diámetro) para pulsalo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Atópase inmediatamente a continuación da porta de acceso ao interior do establecemento. Desde a rúa pódese ver a través da ventá que separa o espazo cuberto anterior e o interior.

Características

- A porta de acceso ao establecemento é parcialmente de vidro, contrastada con elementos verticais e horizontais de metal. Aínda así, esta permanece sempre aberta.
- O chan está formado por un pavimento homoxéneo, mate e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos. De modo que non se producen deslumbramentos pero sobre o que non se debuxan marcas táctiles.
- A iluminación é homoxénea e cómoda.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- A continuación do bar, sen desniveis e só separados por dous arcos de pedra visibles e cuxo ancho de paso libre abarca case toda a fronte.

Características

- Non hai portas nin paredes.
- Pavimento homoxéneo, mate e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos. De modo que non se producen deslumbramentos pero sobre o que non se debuxan marcas táctiles.
- A iluminación é homoxénea e cómoda.
- As mesas contan con cor contrastada coa contorna.
- Non se detecta presenza de elementos voladizos nin susceptibles de xerar tropezos.

Aseos

- Están sinalizados en altorrelieve a unha altura de 186 cm O adaptado, conta con símbolo SIA de 8x8 cm e pictograma de muller pouco contrastado coa contorna. O pictograma de homes, homologado tamén, segue as características do anterior.
- A iluminación no espazo previo aos aseos é pouca polo que dificulta máis a identificación dos pictogramas.
- A cor dos elementos non destacan con respecto a paredes e chan.
- Alarma sonora en caso de emerxencia. Tamén visual en exterior a aseo.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

Localización e itinerarios

- Atópase inmediatamente a continuación da porta, nun espazo sen compartimentacións de modo que, non se atopan barreiras auditivas.
- Non música e televisión con volume baixo.

Características

- As alarmas son visuais e sonoras

SALÓN COMEDOR

- Conta con carta escrita (pero non con carta en braille) en varios idiomas.
- Carta en Tablet dispoñible en varios idiomas e con fotografías dos pratos.
- Ademais dispón dun cartel na entrada do establecemento con textos de letra grande e contrastada na que se ofrecen viños.
- Hai persoal con coñecementos signantes e que sabe como dirixirse a unha persoa xorda que se comunica en lingua oral.
- Non hai zona con indución magnética.

ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pestillo carece dun sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta carece de espazo inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, conta con sistema de alarma visual e sonoro. Encima do interruptor de alarma, existe un rótulo con indicación de para que serve o pulsador.